

PLANIFICACIÓN ANUAL 2024

IMPLICADAS NO DESENVOLVIMENTO

1. Introducción

Na nova etapa que se abriu no ano 2023, propuxémonos recuperar a plena funcionalidade operativa de IMPLICADAS, aumentar tanto a base asociativa coma os ingresos e reactivar a conexión entre as socias e a organización, para poder así, de maneira conxunta, seguir apoiando os proxectos de PDI en Tamil Nadu e reactivar os valores da nosa organización.

Durante o ano 2023, conseguimos efectivamente reactivarnos en varios sentidos. Por unha banda, retomamos o contacto coas socias para facelas sentir de novo partícipes da organización (a través de comunicacións regulares e a convocatoria da asamblea xeral, por exemplo). Ademais, nomeamos unha Xunta Directiva e engadimos unha colaboradora para o grupo de apoio. Este equipo (Xunta Directiva e grupo de apoio) está completamente activado, en constante intercambio (a través de xuntanzas, como mínimo, trimestrais e a través dun grupo de WhatsApp específico) e asume con éxito diversas funcións: o envío de apoio económico ás colaboradoras de PDI na India, a comunicación coas socias, a preparación tanto da nova páxina web como dunha planificación xeral (dous aspectos que se completarán durante o ano 2024). Durante o ano 2023, ademais, tiveron lugar varias xornadas de formación interna que nos facilitan as ferramentas axeitadas para seguir difundindo de maneira eficaz as mensaxes e valores da nosa organización. Por último, se ben non medrou a nosa base asociativa, si conseguimos sumar neste ano a catro novas socias e aumentar lixeiramente os nosos ingresos.

Ora ben, durante gran parte do ano, a organización estivo centrada en tarefas como a actualización de datos, a recuperación das listas de socias e outras cuestións administrativas herdadas do período de xestión anterior. Debido a isto, foi imposible alcanzar plenamente outros obxectivos propostos para 2023, nomeadamente aumentar o total da base asociativa en catro persoas e aumentar os ingresos destinados a PDI en 2.000 euros (obxectivo que requería a realización de actividades cuxa organización resultou, como veremos máis adiante, dificultosa).

Tras facer balance dos avances e retos acadados durante o 2023, Implicadas formula a Planificación Anual que agora se presenta.

2. Obxectivos

Para o ano 2024, Implicadas pretende alcanzar os seguintes obxectivos, que debullaremos a seguir:

1. Ampliar e afianzar a base asociativa
2. Ampliar a presenza social de Implicadas
3. Aumentar os fondos e mellorar a estabilidade económica da organización
4. Reforzar a estrutura interna da organización

2.1. Ampliar e afianzar a base asociativa

Este obxectivo procura tanto ampliar o número total de socias como crear vencellos coas xa existentes e facelas partícipes e tamén difusoras entres a sociedade dos valores e avances de Implicadas.

2.1.1. Resultado agardado

- Aumentar a base asociativa en 5 persoas (dúas delas socias que se deran de baixa en anos anteriores).

2.1.2. Actividades previstas para conseguir este obxectivo

- 2.1.2.1. Manter a comunicación mensual coas socias.

As socias seguirán recibindo unha vez ao mes unha breve comunicación sobre diferentes asuntos que atinxen á organización (actividades que vaian ter lugar, avances de PDI nos proxectos en India, logros e desafíos que se van dando, etc.).

- 2.1.2.2. Encontro de socias.

A idea é facilitar un marco de encontro, no que as socias se coñezan e poidan coñecer tamén o equipo de Implicadas. Neste sentido, organizarase unha xuntanza ao aire libre con comida e algún evento de fondo, que este ano coincidirá previsiblemente coa Xornada de xogos que se presenta máis abaixo.

Para aumentar a base asociativa en xeral son fundamentais os labores de difusión do traballo e valores da organización que se detallan na parte de aumento da presenza social de Implicadas.

2.2. Ampliar a presenza social de Implicadas

2.2.1. Obxectivos

O **obxectivo xeral** é crear un espazo efectivo para darlles visibilidade ao traballo e valores de Implicadas e aumentar a súa presenza social. Os obxectivos concretos son:

- Conseguir seguidoras do traballo de Implicadas.
- Incrementar o interese polos proxectos que fomentamos e as actividades que organizamos.
- Aumentar as interaccións en redes sociais (respostas e reaccións ante as publicacións).

2.2.2. Actividades previstas para conseguir este obxectivo

- Diseño e apertura da páxina web.
- Publicación de entrevistas nos medios de comunicación. As entrevistas serán efectuadas tanto coas persoas da Xunta Directiva como con compañeiras e activistas procedentes dos lugares e proxectos nos que colabora Implicadas.
- Uso das redes sociais (tanto de Implicadas como das persoas que conforman o equipo organizativo) para difundir contidos relevantes, tamén para posicionarnos cos temas de actualidade que teñan que ver coa nosa misión e ofrecendo sempre un punto de vista crítico.
- Creación de contidos colaborativos desde o perfil da anfitroia + Implicadas + outras persoas ou colectivos que co-organizan.
- Valoración e promoción de publicacións nosas en redes.
- Fomento de debates e creación de espazos de reflexión que dean pé a comentarios.
- Inclusión de dinámicas nas que se premie dalgún xeito a participación (por exemplo, a través de impulsos coma os seguintes: “menciona a dúas amigas coas que che gustaría ir a casa rural”, “comenta propoñendo a artista galega que che gustaría que che adicase o seu libro ou o seu disco”, “menciona unha autora, activista ou teórica feminista decolonial”).
- Publicación de *stories* que permitan a interacción (enquisas, preguntas abertas, etc.).

2.2.3. Resultados agardados

- Publicación de polo menos dúas entrevistas (unha con activistas do Sur, outra con algunha persoa da XD).
- Duplicación de seguidoras nas redes sociais nun 100% en Instagram (244 seguidoras).
- Duplicación do alcance das publicacións en Facebook (de 5.846 a aprox. 11.600).
- Aumento do *engagement* ao dobre, de 613 interaccións a 1226.

2.3. Aumentar os fondos e mellorar a estabilidade económica da organización

O **obxectivo** é aumentar tanto os ingresos como a estabilidade destes:

2.3.1. Resultados agardados

- Conseguiremos un incremento total dos fondos por cotas de socias de 720 € (vinculado ao obxectivo 1).
- Conseguiremos uns ingresos totais de 1.100 € derivados de actividades.

2.3.2. Actividades previstas para conseguir este obxectivo

2.3.2.1. Sorteo de Cestas Solidarias

De novo, durante o ano 2024, efectuaranse dous sorteos de Cestas Solidarias entre as socias de Implicadas: unha delas en marzo (en conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres), e outra en novembro (en conmemoración do día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres).

A través destes sorteos, as socias terán a oportunidade de conseguir unha cesta con produtos especiais, ben de Implicadas ou ben de empresas e artistas colaboradoras. As rifas terán un prezo de 2,5 € e estarán á venda nunha librería amiga de Implicadas. O primeiro sorteo incluírá unha cesta formada por libros e música de artistas galegas e terá lugar na librería Lila de Lilith (Compostela). O segundo sorteo incluírá previsiblemente algún produto de *wellness* (estadía de fin de semana nunha casa rural, masaxes, etc.) e será realizado nalgunha outra librería, aínda por concretar, nunha das principais cidades galegas.

Como resultado desta actividade establecemos conseguir 200 € en cada un dos sorteos.

2.3.2.2. Xornada de Xogos

Implicadas, en colaboración co equipo responsable da serie de *Feminismos no Tempo*, organizará unha xornada que consistirá na posibilidade de participar, ao aire libre e a cambio dunha pequena doazón, en sesións de xogos coas diferentes entregas da serie.

Este evento combinarase cun encontro de socias, con comida ao aire libre, no que, ademais do que cada persoa queira levar, Implicadas porá á venda produtos para comer.

O resultado que se espera acadar con esta actividade é a recadación de 100 €.

2.3.3. Masterclass de boxeo

Está prevista a organización dunha *masterclass* de boxeo en colaboración co ximnasio Avalon Kai, en Santiago de Compostela, actualmente dirixido por Cristy Tojo, campioa de Europa de parakarate e especialista en técnicas mentales e físicas para afrontar situacións de violencias machistas. O prezo da inscrición, aberta ao público, será de 5 €.

Como resultado desta actividade, esperamos recadar 100 €.

2.3.4. Masterclass de Mercedes Peón

A música Mercedes Peón ofrecerá, previsiblemente no local da Asociación Xuntanza, en Santiago de Compostela, dous cursos de pandeireta, un deles de iniciación e outro avanzado. A inscrición para cada un dos cursos será de 15 €.

Como resultado desta actividade, esperamos recadar 300 €.

2.3.5. Mercado solidario de produtos de Implicadas

A celebración do mercado con produtos de Implicadas terá lugar no mes de xullo no noso local de Santiago de Compostela.

Co resultado desta actividade agardamos recadar 200 €.

Para acadar os resultados agardados, resulta fundamental aumentar a difusión das actividades en redes sociais. Proponse, neste sentido, as seguintes actividades / estratexias:

- Descrición atractiva, concreta, clara e consistente das actividades.
- Explicación dos motivos e función da actividade: por que a facemos, por que é unha actividade transformadora, por que está aliñada cos principios feministas interseccionais e anticoloniais que defendemos.
- Minimización dos pasos necesarios para apuntarse.
- Preferencia, cando sexa posible, polo formato vídeo (por exemplo, cunha gravación da anfitroa contando en que consiste unha actividade e por que se realiza).
- Difusión da actividade durante e despois da actividade (a través de fotos e vídeos, así como dun resumo valorativo con momentos especiais e impresións das participantes).

2.4. Reforzar a estrutura interna da organización

Este obxectivo consiste en crear un equipo de traballo cohesivo, manter todos os rexistros e condicións legais para poder exercer o noso traballo e reforzar toda a organización interna.

2.4.1. Resultados agardados

- Integraremos unha persoa máis ao grupo de traballo que permita poñer as bases para ir rotando cargos na Xunta Directiva no futuro..
- Todas as integrantes da Directiva terán unha base de coñecementos sobre os contidos e metodoloxías de Implicadas.
- Contaremos cun Plan de comunicación claro para que todas poidamos utilizalo.

2.4.2. Actividades previstas para conseguir este obxectivo

- Organización de dúas xornadas de formación
- Redacción, debate e aprobación do Plan de comunicación

3. Proxecto ERRADICACIÓN FETICIDIO FEMININO (Salem)

Ao longo dos últimos anos, PDI, en colaboración con Implicadas, concluíu con éxito as intervencións en oito bloques: Edapadi, Tharamangalam, Konganapuram e Omalur (2007-2017); Athur, Valapadi, Kadaiyampatty e Kolathur (2018-2023). A principios de 2024 realizarase unha avaliación deste traballo co apoio de María Reimóndez para tirar algunhas conclusións e aprendizaxes que axuden a planificar correctamente o traballo.

De maneira preliminar, dende o 2024 está previsto iniciar un novo programa nos seguintes bloques:

1. Mahudanchavadi
2. Nangavalli
3. Ayodhyapattinam
4. Gangavalli

Desta volta focalizarase de xeito específico no feticidio (os abortos selectivos dos fetos femininos), ao constatarse que neste momento é a práctica que substituíu o infanticidio de forma xeneralizada no distrito de Salem.

PDI analizou xa o ratio de sexos na infancia nos 20 bloques que conforman o distrito. Deles, seleccionáronse de xeito preliminar os catro anteriormente mencionados debido a un notable desequilibrio elevado no ratio de sexos na infancia.

A partir do 1 de febreiro, o persoal comezará a compilar unha lista completa das aldeas e dos ratios de sexo concretos de cada unha delas para seleccionar as aldeas nas que se traballará. A lista completárase en marzo de 2024. Debido ás limitacións económicas do programa, considerarase tentar facilitar un traballo máis en profundidade con menos poboación e así aumentar a frecuencia das interaccións. O equipo do programa inclúe neste momento dúas asesoras e catro traballadoras de base.

Segundo as leccións derivadas da avaliación decidiranse mellor as estratexias e localización concreta das accións. Unha vez que se confirmen as aldeas comezarán as seguintes actividades:

- Formación orientativa sobre xénero e desenvolvemento
- Presentación ante líderes locais, GAM, escolas de preescolar e representantes electas/os
- Compilación da lista de mulleres embarazadas
- Comunicación interpersoal con mulleres embarazadas e mais en situación de risco
- Servizos de asesoramento para mulleres antes e despois do parto
- Diálogos familiares coas familias
- Seguimento das nenas
- Capacidades para a vida par a mocidade
- Formación de clubs de xénero
- Sensibilización de xénero para as mulleres dos GAM e para homes
- Teatro de rúa

Durante este ano 2024, co obxectivo de aumentar as fontes de financiamento destinadas a este programa, está previsto solicitar unha axuda para Cooperación ao Desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela.

4. Planificación económica

INGRESOS	25.717,92 €	GASTOS	25.717,92 €
BASE ASOCIATIVA	15.019,00 €	ACTIVIDADES	100,00 €
Abono cotas	15.019,00 €	Produtos xornada de xogos	100,00 €
DOAZÓNS	4.500,00 €	PROXECTO COOPERACIÓN INTERNACIONAL INDIA	17.100,00 €
Doazóns particulares/empresas	4.500,00 €	Erradicación do infanticidio feminino en Salem (Fase II)	
		Empoderamento de mulleres Tiruchy	
PREMIOS e subvencións	5.098,92 €		
Axuda destinada á dixitalización (bono dixital)	2.000,00 €		
Axuda do Concello de Santiago para programa de Erradicación do Feticidio (Salem)	3.098,92 €		
ACTIVIDADES	1.100,00 €	GASTOS INDIRECTOS	4.689,12 €
Cesta 8 de marzo	200,00 €	Alugueiro local	3.189,12 €
Cesta 25 de novembro	200,00 €	Suministros (auga, luz)	400,00 €
Xornada de xogos	100,00 €	Impostos, taxas e tributos	50,00 €
Masterclass boxeo	100,00 €	Gastos bancarios e IVE cotas	550,00 €
Masterclasses pandeireta	300,00 €	Comisións bancarias	320,00 €
Mercado solidario	200,00 €	Seguros	180,00 €
OUTROS INGRESOS	0 €	OUTROS GASTOS	3.828,80 €
	0€	Asesoría	1.198,80 €
		Coordinadora	375,00 €
		Páxina web	2.000,00 €
		Outros servicios	255,00 €
		Asesoría 85 €	
		Servidor web 170 €	